



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS, ANUALIDADE 2026. ACORDO DE CONCESIÓN DEFINITIVA

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día sete de agosto de dous mil vinte e seis, acordou:

Primeiro. Aprobar o acordo de concesión provisional de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026, de acordo ao informe da comisión de avaliación e aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo coa base DÉCIMA. ACORDOS DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS.- Acordo de concesión provisional, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 185, do venres, 14 de agosto de 2026 (CONCESIÓN PROVISIONAL DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2026. DISCIPLINA AUTOMOBILISMO. ESPECIALIDADE DE RALLY. VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS (PÁX. 1, R. 2215)) da notificación aos interesados/as do acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para a presentación de alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/deportes/axudas/vixentes/premiosralli2026>).

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de concesión provisional da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día sete de agosto de dous mil vinte e seis, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo PREMIOS PARA DEPORTISTAS RALLYS 2026.

Ao abeiro do previsto na base DÉCIMA. ACORDOS DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS, das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo PREMIOS PARA DEPORTISTAS RALLYS 2026. <https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/deportes/axudas/vixentes/premiosralli2026>.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. Réxime de recursos das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 10 de setembro de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2438

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2026/CON_02/000082.- O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-5809 "Escairón (LU-P-4102) – Madredauga (LU-p-5807)", p.k. 0+000 a 3+755

2026/CON_02/000084.- LUGO – O CORGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2918 "Lugo (LU-530) - Santa María de Bóveda - Adai (LU-P-1602)", pk 0+000 a 5+715 e LU-P-2922 "Carballido (LU-530) - Nadela (N-VI)", pk 0+000 a 2+082

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 11 de setembro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2450

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Rectificación de erro material na base 4.2 das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Xefe de Obras, subgrupo C2, mediante o sistema de concurso-oposición por quenda de promoción interna.

Por Decreto da Alcaldía núm. 2026-0749, do 19 de agosto de 2026, aprobáronse as bases reguladoras e a convocatoria para a provisión en propiedade dunha (1) praza de Xefe de Obras, encadrada no subgrupo C2, pertencente ao cadro de persoal laboral fixo do Concello de Cervo, mediante o sistema de concurso-oposición por quenda de promoción interna.

O texto íntegro das bases foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 194, do 26 de agosto de 2026, e o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 167, do 3 de setembro de 2026.

Advertido erro material na base 4.2 das citadas bases, mediante Resolución da Alcaldía núm. 888/2026, de 11 de setembro de 2026, ditada no expediente núm. 1527/2026, acordouse a súa rectificación, quedando redactada nos seguintes termos:

«4.2. O prazo de presentación de solicitudes será de VINTE (20) DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).»

En consecuencia, ábrese un novo prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio de rectificación no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes de participación presentadas por calquera das persoas aspirantes con anterioridade á publicación desta rectificación serán consideradas plenamente válidas e eficaces, sen prexuízo do dereito das persoas interesadas a presentar nova instancia ou achegar documentación complementaria durante o novo prazo habilitado.

O resto das bases reguladoras permanecen inalteradas.

Cervo, 11 de setembro de 2026.- A alcaldesa, M.^a Dolores García Caramés.

R. 2451

LUGO

Anuncio

En sesión plenaria ordinaria celebrada polo Concello de Lugo o día trinta de xullo de dous mil vinte e seis, aprobouse definitivamente o acordo 5/111 relativo á resolución de alegacións e aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora da zona de baixas emisións (ZBE)

Transcorrido o prazo de **quinze días hábiles** dende a recepción da comunicación do acordo de aprobación definitiva polas administracións do Estado e autonómica, esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no BOP.

O que se fai público para xeral coñecemento, significando que contra o acordo elevado a definitivo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique este anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O texto íntegro da ordenanza de ZBE pódese atopar nos enlaces :

<https://datosabertos.lugo.gal/gl/content/transparencia-informaci%C3%B3n-para-cidada%C3%ADa-informaci%C3%B3n-institucional-e-organizativa/normativas-municipais>

<https://datosabertos.lugo.gal/es/content/transparencia-informaci%C3%B3n-para-la-ciudadan%C3%ADa-informaci%C3%B3n-institucional-y-organizativa/normativas-municipales>

Lugo, 10 de setembro de 2026.- A alcaldesa, María Elena Candia López.

R. 2452

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 73/2026, SUPLEMENTO DE CREDITO FINANCIADO CON RTGX

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 09/09/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 73/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO de crédito , financiado co Remanente de Tesorería para gastos xerais, por importe de **241.509,13€**

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quinze días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 10 de setembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2453

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 69/2026 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DISTINTA ÁREA DE GASTO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 09/09/2026 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 69/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de MODIFICACION ORZAMENTARIA 69/2026 TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DISTINTA ÁREA DE GASTO- , por importe de 5.324,00€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quinze días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 10 de setembro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2454
